


**Chegan os primeiros títulos para conmemorar o ano das cantareiras e a poesía popular**

**Entrevista con Xosé Luís Mosquera Camba,  
autor de Trece maneiras de mirar un almanaque**

# Biblos

CLUBE DE LECTORES



# Novela e teatro para rematar o ano

Nas últimas semanas de 2024 sucedéronse as presentacións na librería Biblos de Betanzos ata rematar o ano coa presenza de Carme Varela, autora dos textos teatrais *As desterradas* (Xerais) e *Faise o escuro* (Positivas) para participar na xuntanza mensual dun dos clubes de lectura. Semanas antes recibimos ao betanceiro José-Domingo Vales Vía quen na novela *Enric el rojo: El ladrón que llegó del norte* rescucita ao maior saqueador de obras de arte do século XX, René Alphonse van den Berghe, máis coñecido como *Erik el Belga*, e novela o roubo das táboas flamencas do retablo maior da igrexa de Santa María de Betanzos. As xornalistas Marta Villar e Lucía Tenreiro conversaron arredor de *Detective Ferruchi*, a novela coa que a primeira obtivo o Premio Xerais do 2024, e Miriam Couceiro, autora de *De óxido e diamantes* (Galaxia), fixo outro tanto con Emma Pedreira.

Silvia Penide deixou un ronsel de notas e moitos sorrisos logo de falar con música e letra do seu libro *Diferentes diferencias*, editado por Bululú. Coa guitarra na man, chegou acompañada de Natalia Navaza, que interpretou en linguaxe de signos tanto o conto como as cancións que Silvia musicou para este libro. O profesor Xosé Ramón Branco Buxán arremeteu contra as prácticas consumistas modernas arredor do Nadal e as súas consecuencias, asunto que trata no seu libro *Nadal e consumismo*, que edita Laivento. Durante boa parte da súa exposición analizou os desequilibrios económicos xerados polo neoliberalismo e fixo fincapé na relación dialéctica que existe entre o espírito orixinario do Nadal e o consumismo desaforado de bens innecesarios propio da época actual. O autor estivo acompañado de Miguel Rodríguez Carnota.

Así mesmo Carmen Blanco Sanjurjo, autora da novela histórica *Gorriones y halcones* (Ediciones del Viento), fíxonos partícipes do seu entusiasmo arredor da Galicia do século XV e os feitos que rodearon a revolta irmandiña, vimbios cos que teceu un extenso relato que dá conta dun episodio relevante do pasado. A obra publicarase en galego no mes de marzo.

## Un pedido cada dous meses

Lembramos o compromiso de socias e socios de realizar, a lo menos, un pedido cada dous meses. Sen esta práctica comprométese a normal actividade do proxecto Biblos.

### A Portada

Comezamos o ano cunha pequena homenaxe ás cantareiras-pandeireteiras ás que tanto lles debemos. Imaxe cedida xentilmente polo obradoiro Sanín Percusión Tradicional.

Doutor en Xeografía e Historia especializado en Historia da Arte, profesor xubilado de Secundaria, poeta con numerosos premios literarios, ensaísta e artista plástico, persoa aberta e afectuosa que non pode dar dous pasos pola contorna de Betanzos e Bergondo sen ter que saudar e parolar un anaco con xente moza e maior, Xosé Luís Mosquera Camba (Guísamo, 1961) é un extraordinario e sensible escritor e creador tan alleo ás capelas literarias do país como ás liturxias das banalidades. Crítico e reflexivo, non sempre a realidade o move á ledicia e o optimismo. Pero nunca esquece o humor e a retranscrición nin a curiosidade cultural por calquera eido da vida. Todo iso e máis forma parte de *Trece maneiras de mirar un almanaque*, XXVII premio de poesía Johán Carballeira do concello de Bueu, que edita Xerais.

## Xosé Luís Mosquera Camba publica en Xerais *Trece maneiras de mirar un almanaque*

“Inseguridade e curiosidade van collidas da man, e desa combinación pode saír calquera cousa, incluso un libro de poesía”

— **Cuestiona vostede cunha estrutura da organización temporal que nos chegou asentada no calendario xuliano e ratificada polo gregoriano que rexe na maior parte do mundo?**

— O título talvez predispón a certo automatismo ao asociar o trece co almanaque. Estamos programados para establecer vínculos que a todas luces son seguros, totalmente fiables: o almanaque vai indisolublemente unido ao doce, ninguén vai discutirlo. Mais o libro pouco ou nada ten que ver con iso e, por tal razón, ábrese no seu prólogo cunha breve aclaración que seguramente non serve para nada. Podería resumilo dicindo que o tal almanaque meu é un merlo, mais tampouco é de todo certo. En fin.

— **Na resposta agroman varias características do libro: a medida do tempo e a inseguridade que en todos os eidos ofrece a existencia. Ou non.**

— Escribir non é outra cousa. Mellor dito, para min escribir non pode ser outra cousa. Afrontar esa inseguridade, intentar sobrevivir no posible aos embates do reloxo aínda sabendo que temos asegurada a derrota. Escribir poesía para min, insisto é ofrecer resistencia. O paradoxo consiste en descubrir que canta máis resistencia se ofrece máis inseguridade se percibe. Pura crueldade da vida, perfecto sadismo. E de aí van saíndo os versos, si.

— **Descubrir é a clave. Pero o camiño é a procura. E o autor amosa unha curiosidade inmensa non só polas fontes literarias, mais tamén polo que nos achegan a ciencia e a natureza.**

— Digamos que inseguridade e curiosidade van collidas da man. Un clásico. Desa combinación pode saír calquera cousa, incluso un libro de poesía. As fontes das que se bebe son moitas e imprevisibles, si. Eu diría aínda máis: incontrolables. Un nunca sabe por onde vai aparecéselle esa enerxía que se transforma en escrita, en palabras. Non teño moi claro nin que se poida saber a posteriori, cando xa o texto está construído. Sempre o número de preguntas superará infinitamente ao de respostas. Velaí entón a historia enteira da Arte. Moitos dos meus versos son simplemente preguntas, levan explicitamente o signo de interrogación. Eu diría que os meus libros son preguntas. Que outra cousa poderían ser? Iso si, descubrir non descubríñ aínda nada que non estivera xa descuberto. Outra das crueldades da vida, claro, descubrir con sorpresa o que xa descubriron outras ou outros antes ca un.

— **E que pintan as arañas, as moscas e outros insectos polo medio do humor e a retranscrición que dominan toda a obra?**

— Non concibo a vida sen humor, sen certo humor, sen retranscrición. Tampouco





XXVII PREMIO DE  
POESÍA JOHÁN  
CARBALLEIRA DO  
CONCELLO DE BUEU

Á VENDA O 13  
DE FEBREIRO

POESÍA  
X. L. Mosquera Camba  
**T**rece  
maneiras  
de  
mirar  
alma un  
naque

XERAI S

## Trece maneiras de mirar un almanaque

“Trece maneiras de mirar un almanaque é o canto do merlo que lles pon banda sonora aos amencerces da vida do autor dende un loureiro próximo á súa casa. Ese canto e ese merlo son sempre os mesmos e son tamén sempre outros. Mais ese merlo, algún dos merlos, non é acaso o que cantou Wallace Stevens? E un mira dende os seus limitados ollos, mira de trece inesgotables e ubicuas maneiras. E o merlo velai vai, por entre as xestas, contra todo prognóstico, atravesando o tempo”. Texto da editora.

Xerais Rústica  
14,5 × 22 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-635-1

12,95 €

### TÍTULOS ANTERIORES

#### Nadja c'est moi

Espiral Maior Rústica  
14 × 21 cm 68 páxinas

ISBN: 978-84-96475-79-3

14 €

#### Das árbores tropicais e do amor

Espiral Maior Rústica  
12,5 × 21 cm 92 páxinas

ISBN: 978-84-947906-3-8

15,50 €

#### A traxedia da arquitectura

Espiral Maior Rústica  
12,5 × 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-122271-7-8

13,50 €

#### Parhelio

Espiral Maior Rústica  
12,5 × 21 cm 64 páxinas

ISBN: 978-84-123852-2-9

13 €

a literatura que fago, claro. É concibible sen bichería? Son un grande admirador de *A metamorfose* de Kafka; das formigas na famosa escena de *Un can andaluz*, de Buñuel e Dalí; das arañas de Louise Bourgeois, da famosa mosca de todos os veráns do poema de Cortázar, etc., etc. Pero veñen sen pensalo, sen planificalo. Así aparecen tamén pola casa. Non hai vida sen bichería. En todo caso, nunca me plantexara esta cuestión. Unha das grandezas que se deriva de que o que un escribe sexa lido por outras ou outros descubre niso, en que o propio escritor descubre planos de lectura que non vira antes.

— Non sei se todos, pero hai poemas que explicitamente se sitúan no tempo da pandemia. Canto de determinante foi e cal é a súa impronta no poemario?

— É moi complicado responder con precisión a estas cuestións. Aínda que o libro aparece agora, é un texto que se foi escribindo nun tempo moi próximo ao do confinamento. Non sei canto hai de determinante, é imposible que os poemas escaparan a tales efectos. Que é o que non impregnou ese acontecemento histórico? En todo caso non creo que sexa aínda o

momento de poder ver coa suficiente perspectiva esas supostas consecuencias. Non sei tampouco se o propio autor está capacitado para ler coa distancia necesaria e imprescindible o que el mesmo escribiu cando se trata de valorar determinadas cuestións. Dilucidar cal é a impronta da pandemia no poemario podería ser unha delas.

— Citas e retallos de existencia, observacións propias mesturadas con asertos científicos, humor e ataques de agoiros funestos... a outra das súas pulsións creativas, a colaxe, está moi presente nos seus textos?

— Sempre considerei que escribir e facer colaxes eran para min unha mesma cousa. No ano 2007 experimentei a ferramenta blog para visualizar unha proposta na que se mesturaban texto e colaxes (bio-lencia.blogspot.com). Neste mesmo libro van tamén inseridas dúas colaxes. As cubertas dos poemarios editados en Espiral Maior ían con colaxes miñas. Por suposto, en moitas das miñas colaxes hai textos. En realidade eu considero que as colaxes que realizo son poesía visual. Insisto, unha mesma cousa. Así o reafirmo de novo na contracuberta.

— Que diría que representa este libro no conxunto da súa obra?

— Unicamente podo responder con incuestionables obviedades. Trátase dun novo libro, o último que ve a luz, a constatación de que a poesía non é unha anécdota na historia da miña vida e, por suposto, a constatación unha vez máis tamén de que eu son unha anécdota na historia da poesía. A confirmación de que, a pesar de todo, seguramente contra todo prognóstico, o merlo segue voando e segue cantando. Consideracións máis concretas e profundas teranas que facer outras persoas, se fose o caso de que a alguén lle interesase ata ese punto inaudito o que eu escribo.

— Entón, parodiándoo, igual o que queda por preguntarlle é que considera que fan os versos cando rematou o poemario e a que podemos xogar para nos esquecer cando menos do mundo que funciona normalmente mal.

— Algo fan, diso estou seguro. Unha das miñas inconfesables teimas consiste en espialos sixilosamente. Aínda non descubrí nada, iso xa o dixer, pero non desisto. En canto á segunda parte da cuestión... Voltemos ao momento mencionado do confinamento. Foi entón cando experimentei esa sensación estraña que consistía en botar en falta aquel mundo desaparecido que funcionaba normalmente mal. Estabamos en pleno territorio da distopía e botabamos en falta a anódina normalidade que funcionaba mal! Leccións de vida. O curioso é que non as aprendemos.





## María Besteiros Ítaca

Penélope é unha muller de corenta e cinco anos que vive co seu home, Ulises, e o seu fillo adolescente, Telémaco, no ano 2024. Forman unha familia convencional que un día recibe a inesperada noticia de que ela está embarazada. Tras o impacto inicial, nai e fillo comparten ilusión e preparativos para recibir o novo membro da familia, ante a aparente indiferenza de Ulises, os prexuízos sociais e o estricto seguimento médico. María Besteiros emprega un estilo lírico pero contundente para enfrontarnos á desesperación dunha nai que vive por inercia e que se sente incapaz de decidir. Neste caso é ela, Penélope, quen emprende unha viaxe para atopar os fios invisibles que tecen a súa propia identidade e sobrevivir.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 144 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-621-4  
16,10 €


# Arantza Portabales



## Asasinato na Casa Rosa

Tras a espectacular acollida das súas anteriores novelas negras, Arantza Portabales inicia unha nova serie, *Os crimes de Loeiro*, protagonizada por Santaclara & Araújo. A inspectora Iria Santaclara, de baixa para atender o seu home convalecente, recibe a sorprendente chamada do millonario Ulises Villamor. O empresario cre que a súa muller foi asasinada hai catro anos e que a inspectora investigue os feitos, trasladándose á súa mansión en Loeiro, a Casa Rosa, onde vive coa súa familia, porque sospeita que o responsable é alguén do clan familiar. Ao pouco de iniciar as pescudas, a inspectora bate cunha nova morte e, ante esta inesperada circunstancia e a complexidade da investigación, procura a axuda do seu antigo xefe, o comisario xubilado César Araújo. E así os dous tentarán desvelar a rede de misterios, mentiras e intrigas que envolven a familia Villamor.

Galaxia Rústica  
15 x 23 cm 406 páxinas  
ISBN: 978-84-1176-360-8  
19,85 €



### Títulos anteriores

#### O home que matou a Antía Morgade

Galaxia Rústica  
13,5 x 25 cm 454 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-967-6  
19,85 €

#### Deixe a súa mensaxe despois do sinal

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 324 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-081-9  
20,42 €

#### Beleza vermella

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 428 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-317-9  
19,95 €

#### A vida secreta de Úrsula Bas

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 452 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-623-1  
20,99 €

#### Sobrevivindo (versión ampliada)

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 226 páxinas  
ISBN: 978-84-9151-788-7  
17,48 €



## Alberto Ramos Pirotecnia

Cando a Pirotecnia QuiGarSA estoura, parte da súa cuberta aterra a case dous quilómetros de distancia e a onda expansiva absorbe o aire que a rodeaba. E o aire é o que lles falta aos homes e mulleres protagonistas desta novela coral, onde assistimos aos efectos que tan trágico suceso causa na familia propietaria da pirotecnia, nos veciños da vila, na opinión pública e na clase política. Narrada co pulso da mellor novela negra e da crónica xornalística. Unha araña de mentiras, enganos e traizóns na que lector quedará atrapado, mentres tenta recompoñer o verdadeiro crebacabezas do que aconteceu.


Galaxia Rústica  
15 x 23 cm 140 páxinas  
ISBN: 978-84-1176-348-6  
15,29 €



## Lara Dopazo Ruibal Contos gringos

Unha ducia de relatos que propoñen unha viaxe cara ao profundo dos Estados Unidos. Hai tornados, campos de millo, animais salvaxes, reptilianos, mortes inesperadas e moito, moito frío. Desacougo e violencia, fenómenos naturais e segredos, bestas animais e bestas humanas. A realidade e o sobrenatural mestúranse, ata que é imposible distinguilos.


Galaxia Rústica  
15 x 23 cm 118 páxinas  
ISBN: 978-84-1176-330-1  
15,58 €



## Antía Yáñez O clan das barbies

Nun mundo onde semella que os cartos poden comprar todo, tres persoas atópanse na clínica de fertilidade Eva. Non se coñecen, pero ese encontro fortuíto será o inicio dunha amizade xurdida da desesperación e da caraxe. Tres vidas que se entretecen ata que as costuras non dan máis de si, rebentando de forma violenta para dar paso ao que realmente agochaban debaixo: vinganza. A través deste clan de subalternas, Antía Yáñez propón un antídoto cheo de furia e sororidade co que facer fronte á precariedade, á discriminación e á explotación.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 216 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-607-8  
17,57 €



## Cecilia F. Santomé As despedidas

"O avó morreu hoxe. Ou quizais foi onte". Así, entre titubeos, arrinca esta crónica íntima dun dó con sabor a outro tempo. Un en que os defuntos eran velados nas casas, en que as capelas ardentes permanecían abertas día e noite e en que os curas eran salvadores de almas e mesmo de pelillos cando a loxística non acompañaba. Velaquí setenta e dúas horas nunha burbulla de silencio, tristeza e fastío que se convierten nun exercicio memorístico. Xestos, movementos e espazos que desencadean lembranzas, fiando unha elexía por quen marchou, pola propia infancia, por unha forma de vida que se esfarea no aire. E todo iso para chegar a unha conclusión: unha neta sen o seu avó é unha orfa de segunda.

Xerais Rústica  
15,5 x 123 cm 134 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-606-1  
17,05 €



## Ramón Caride As superviventes

Tres mulleres coinciden na sala de espera de urxencias do CHUS de Compostela. Este imprevisto azar vai ter consecuencias impensadas en cada unha delas. Son veteranas de moitas guerras psíquicas, e levan sufrido agresións físicas, sociais e farmacolóxicas. Con todo, non se consideran vítimas e pelexan acotío para chegaren a ser quen queren. Son superviventes. "Neste tempo de crise enquistada –unha era marcada polas ditaduras produtivas, consumistas, tóxico-pornográficas e tamén pola das redes sociais–, a demolición dos prototipos de xénero e a construción da propia identidade sexual e afectiva son cavorcos que poucos se atreven a ollar até o seu fondo", di a editora. "Mais a vida é un exercicio de funambulismo (...) E cando miras moito tempo ao abismo, o abismo tamén mira dentro de ti. Chamádeme Xanax!"

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-1110-622-1

16,10 €




## VV AA Tes cinco minutos #4

Cinco minutos era o escaso tempo que tiñan os alumnos e alumnas da Escola de Letras da Deputación de Pontevedra e Editorial Galaxia para desenvolver o seu traballo nas clases da cuarta edición desta iniciativa anovadora nomeada "Tes cinco minutos", que chegou a ser presentada na feira do libro de Frankfurt. Para poñerlle o ramo ao curso, estes escritores e escritoras graduáanse e ofrecen os seus mellores traballos, xa liberados da tiranía do reloxo.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1176-363-9

14,20 €




## Xesús Constela Doce voz de Megafonía

Logo de que o Supremo Alcalde Maior decreta o confinamento dos habitantes do Centro Comercial no interior das súas vivendas por mor da aparición dun maléfico virus sobre o que non se dá nin a máis mínima explicación, só unha persoa, un tal D.R., descendente dunha familia que leva varias xeracións instalada no lugar, empeza a sospeitar acerca de cousas que non comprende, e comeza a facer unha serie de investigacións que provocan o seu enfrontamento co poder. Nada pode alterar o perfecto ritmo que leva a vida no interior do Centro Comercial, onde toda persoa parece ter dereito a vivir nun mundo de fantasía mentres a ninguén se lle ocorra saír do rego para empezar a transitar o que Megafonía considera un camiño equivocado. En *Doce voz de Megafonía* constrúese unha historia que retrata a capacidade da cidadanía para se deixar manipular por aqueles que teñen o poder e que farán todo o posible ata conseguir que se dea creto aos enganados, embustes e mentiras que poidan utilizar para acadar as súas pretensións.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 144 páxinas

ISBN: 978-84-1110-634-4

17,05 €




## César Cequeleños Sábeme a salamántiga o ceo da boca

Ano 1905. A estraña parella composta por Ícaro Añón, mozo xornalista afincado en Lisboa, e Madame Dax, especialista estadounidense do oculto, encaran un misterio que enfronta o visible coas enerxías invisibles. Nesta novela cómica de aventuras de ambientación histórica, o xurado do Premio Torrente Ballester destacou "a riqueza e axilidade dos seus diálogos, así como o elemento fantástico, que encaixa á perfección na trama".

Galaxia Rústica  
15 x 23 cm 540 páxinas

ISBN: 978-84-1176-344-8

25,65 €



## Olga Fernández Sixto Os contos de Moi

Segue as aventuras de dous misteriosos viaxeiros na Galicia do século XII, onde os seus camiños se cruzan cos de personaxes históricos como Diego Xelmírez ou a raíña dona Urraca, e tamén cos de personaxes do rico folclore galego, como mouros, trasnos e lavandeiras. Os protagonistas desta novela tamén enfrontan temas universais como o amor, o desamor, a sexualidade, os medos, a soidade, a amizade, a familia, a morte, a migración, o retorno e o paso da infancia á vida adulta. A historia estrutúrase dun xeito que permite diferentes posibilidades na orde de lectura dos capítulos, revelando simultaneamente tanto as fazañas actuais dos protagonistas como as súas misteriosas orixes na súa terra natal de Neda.

Medulla Rústica  
14 x 21 cm 298 páxinas

ISBN: 978-84-10324-37-4

17 €




## Marta Villar Detective Ferruchi

Sol Cortés deixa a cidade onde vive e o seu traballo como padronista en Inditex para regresar á súa vila natal e abrir unha librería. Aos poucos días aparece brutalmente asasinado Xan Sequeiro, un veterinario introvertido e cun don especial para curar animais. A trama céntrase na investigación paralela deste crime que realiza Sol e durante as súas pescudas xorden unha morea de personaxes peculiares e sorprendentes que amosan, unhas veces con humor e outras con gravidade, temas da sociedade actual que invitan á reflexión. Ao longo da historia visibilízanse colectivos minoritarios que reivindicación o valor da diferenza e rachan cos prexuízos.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 480 páxinas

ISBN: 978-84-1110-591-0

19,90 €



## Ana Varela Runrún


Tras a prematura morte dos seus pais, Aldara sofre un episodio psicótico, e a súa irmá, Uxia, faise cargo, soa, da situación. Esta é a historia de Uxia, unha xanela cara a súa vida. Apenas unhas horas que nos deixan ver como todo pode virar nun momento e o fácil que é estar no outro lado do espello, iso que tanto temor suscita.

Galaxia Rústica  
15 x 23 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-1176-331-8

15,58 €





### Cristina Sánchez-Andrade


## Habitada

Manuela é unha moza cunha especial sensibilidade para captar o que non se ve, para comunicarse coas criaturas e enerxías que se refuxian no profundo. Pobre e sometida ás imposicións dos homes, sentirá dentro de si como aflora unha forza descoñecida que mudará a vida dela e a de todos os que a arrodean. Cristina Sánchez-Andrade toma como pretexto a historia real da Espiritada de Moeche para compoñer unha novela lírica e imprevisible.

Aira Rústica 13 x 21 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-128837-8-7

18,05 €



### Elena Gallego Abad

## Ata que a morte nos separe

Marta Vilas, redactora xefa do *Xornal Galaico*, recibe unha invitación para participar na viaxe inaugural do *Xacobus*, un cruceiro deseñado para proporcionar unha experiencia única aos pasaxeiros de alto nivel económico que buscan facer a ruta marítima do Camiño de Santiago sen renunciar a todo luxo de comodidades. Entre a selecta pasaxe, parten de Vigo unha parella multimillonaria en viaxe de noivos, unha youtubeira, un policía de incógnito e tamén Sombra Dixital, un pirata informático que pretende secuestrar o barco. Durante a axitada travesía desencadearanse intensos e misteriosos acontecementos que a xornalista e o policía intentarán esclarecer. Nun momento en que os grandes clásicos da literatura universal son obxecto de reescritura, Elena Gallego Abad atreveuse a parodiar *Death on the Nile*, un título indispensable da literatura policial de Agatha Christie, para trasladar a trama á Galicia do século XXI e recuperar nesta novela a parella de investigadores Marta Vilas e Fernando Prieto e embarcalos nunha apaixonante aventura.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 376 páxinas

ISBN: 978-84-1110-633-7

18,95 €



### Luísa Villalta

## Narrativa inédita e dispersa

Neste volume compílase a narrativa inédita e dispersa de Luísa Villalta, agrupada arredor de cinco bloques: "Preludios e fugas", "Cartas de amor", "Manual de cartas de amor", "Logos" e "Mil caracteres". Textos que poñen de relevo o carácter multixenérico da escrita de Villalta, e colócanas á altura da poeta e a ensaísta, se fose posible separalas, pois, como ela dixo, todas as palabras son reflexión rítmica sobre a música da existencia.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 340 páxinas

ISBN: 978-84-1176-352-3

22,23 €



### Azucena Arias Correa

## O que agacha a equipaxe

Novela case coral na que varias persoas ben diferentes aparecen conectadas durante uns días a través dunha viaxe organizada. As voces crúzanse para relatar algún aspecto da súa vida. Ademais da equipaxe visible, cadaquén leva unha bagaxe ás costas, unha equipaxe oculta da que se desvelará a un anaco.

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 440 páxinas

ISBN: 978-84-128122-5-1

19 €



### Miriam Couceiro Castro

## De óxido e diamantes

*De óxido e diamantes* explora o universo das relacións románticas entre mulleres, salpicadas pola toxicidade das redes sociais e a violencia que un mundo, neoliberal e acelerado, exercen contra calquera ser humano, especialmente se pertence ao sexo feminino. Maia e Brianda son as protagonistas dunha relación asfixiante tras da que soa "Diamonds and Rust" de Joan Baez.

Galaxia Rústica  
15 x 23 cm 136 páxinas

ISBN: 978-84-1176-334-9

15,10 €



### Jorge Emilio Bóveda

## A palabra salvaxe

Compilación de trinta relatos curtos, que abrangue dende os suxestivos e impactantes inicios da escrita até a súa adoita e serena madurez. "Se a persoa lectora está disposta a arriscarse, a transitar por atmosferas insás, a achegarse a sociedades embrutecidas, a recibir atinadas coiteladas ou a testemuñar o insólito, non o dubiden, *A palabra salvaxe* é unha excelente opción", di a editora.

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 164 páxinas

ISBN: 978-84-128497-8-3

15,20 €



### Xesús Deus Gende


## Catro relatos curtos de Deus

*Catro relatos curtos de Deus* está escrito dende o corazón, con agarimo. A linguaxe tenta chegar aos lectores dunha maneira sinxela, entretida, e amena. O autor empeza narrando a súa propia vida, pois considera que quen teña a ben somerxerse nos relatos ten dereito a saber de onde vén, que lle aconteceu, cal é a súa historia.

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 172 páxinas

ISBN: 978-84-128122-1-3

14 €




Iván Turguénev

## Fume

*Fume*, publicada en 1867, é a novela que mellor expón o seu ideario político, de tendencia moderada e europeísta. O protagonista é un mozo ruso que, mentres agarda en Baden-Baden pola súa prometida, bate coa moza coa que estivo a punto de casar anos atrás, convertida nunha aristócrata sofisticada pero atrapada nun matrimonio sen amor. En paralelo, no escenario cosmopolita da cidade balnearia desenvólvense diferentes debates de índole social e política entre revolucionarios e conservadores, e pronúncianse disquisicións de ar nostálxico acerca do futuro e da identidade nacional. A tradución dende o ruso é de Iago Fernandes López.

Hugin e Munin Rústica  
13,5 x 20 cm 256 páxinas  
ISBN: 978-84-128075-7-8  
15,67 €




Jack London

## Asasinatos, S. L.

Obra peculiar xa dende a súa xestación, pois Jack London mercoulle a idea ao tamén novelista Sinclair Lewis a comezos da década de 1910. Con todo, a morte de London deixou o proxecto inacabado, e non sería até moitos anos despois cando a familia do escritor lle encargase a conclusión a Robert L. Fish a partir das notas conservadas. Ao cabo, a novela publicouse en 1963. Cunha intriga cargada de suspense, convida a afondar na contradición entre os ideais e a realidade e a explorar o delicado tema da xustificación da violencia en nome dunha suposta xustiza. Traducido do inglés por Iago Nicolás Ballesteros.

Hugin e Munin Rústica  
13,5 x 20 cm 220 páxinas  
ISBN: 978-84-128075-8-5  
15,20 €




William Faulkner

## En canto agonizo

En canto Addie Bundren agoniza, o seu fillo máis vello, Cash, comeza a construírle o cadaleito. Así que falece, en pleno mes de xullo, o seu marido e mais os cinco fillos cargan o corpo nun carro tirado por mulas para ir enterrala a Jefferson, cos seus parentes. Todos os personaxes van narrando, cada un á súa maneira, os pormenores desta odisea, que transita entre a traxedia e a comedia negra, e que retrata a crueza dos anos da Gran Depresión nas zonas rurais dos Estados Unidos. A tradución é de Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica  
13,5 x 21,5 cm 232 páxinas  
ISBN: 978-84-19795-73-1  
19 €




Justo Calviño Cruz

## Cuniupuyara

O frío e a calor, a atonía e o rixo, o imaxinado e o tanxible, o rancor e o agarimo, a crueldade e a bondade, a posesión e a liberación, o fracaso e o éxito, a morte e a vida. Todos estes conceptos, dispares e contrapostos, aglutínanse nesta novela, emerxendo do pensar e decidir duns galegos ousados, xenerosos, inquebrantables e incombustibles. Detrás están luminosas cidades a carón dos cumes nevados dos Andes, agochando o misterioso tesouro do Inca, e a selva húmida e lamacenta da Amazonia, na que se oculta a inaccesible Cuniupuyara.

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 266 páxinas  
ISBN: 978-84-128986-4-4

16,15 €




Iakovos Pitsipios

## O mono Xouth

Esta novela considérase pioneira da literatura fantástica escrita en grego moderno. Céntrase nas peripecias de Xouth, un enigmático escritor e viaxeiro alemán que acabou metamorfoseado nun orangután e posto ao servizo dun home grego europeizado que finxe pertencer a unha nobre estirpe. A través dunha hábil mestura de fantasía e cotiandade, esta obra –inacabada pero autoconclusiva– supón non só unha potente crítica dos costumes da época, senón incluso unha emenda ao concepto de civilización, presentada en forma de alegoría a varias voces; entre elas, sobre todo, a do mono. A tradución é de Alfonso Blanco.

Hugin e Munin Rústica  
13,5 x 20 cm 132 páxinas  
ISBN: 978-84-128075-6-1  
15 €




Han Kang

## A vexetariana

Yeonghye é unha muller sen apenas voz que decide facerse vexetariana logo de empezar a ter soños violentos. O marido de Yeonghye, o seu cuñado e a súa irmá máis vella contan a historia desta muller dende o seu punto de vista nos tres relatos que compoñen a novela. No primeiro, un home mediocre descobre que a súa parella está cambiando. No segundo, a perspectiva é a do cuñado de Yeonghye, un artista audiovisual que non consegue sacar unha imaxe da cabeza e está disposto a todo para facela realidade. O último relato segue á irmá de Yeonghye. *A vexetariana* recibiu o premio Man Booker en 2016 e o premio San Clemente en 2018. A tradución é de Alba Vereá Pérez.

Rinoceronte Rústica  
13,5 x 21,5 cm 178 páxinas  
ISBN: 978-84-17388-79-9  
18,52 €




Eurípides

## Medea/Heracles

*Medea* chegou a ser unha das traxedias máis valoradas xa non só do seu autor, senón do conxunto da traxedia grega clásica conservada. A día de hoxe, poucos estudos e poucas edicións omiten a etiqueta de "obra mestra" para unha obra na que Eurípides exhibe con amplitude o seu talento e os seus recursos como dramaturgo. En *Heracles* o autor altera a materia mítica da que parte, subvertendo a orde dos acontecementos que era a habitual na tradición oral do mito. Como sucedía en *Medea*, un dos elementos máis estranxeiros do conflito tráxico é un infanticidio, aquí tratado dun xeito probablemente máis indulxente coa man executora de tal crime. Tradución, introdución e notas de Iria Pedreira Sanjurjo.

Rinoceronte Rústica  
14,5 x 22 cm 154 páxinas  
ISBN: 978-84-19795-76-2  
17,10 €




Mª Aurora Lestón Mayo

## Legends and Tales about Santiago de Compostela

Edición en inglés. Santos andadeiros e mouros subterráneos, touros asisados e arrepiañtes dragóns, raiñas ardeiras, reis durmintes e bispos algo atravesados. Todos converxen no universo mítico da comarca de Santiago de Compostela. Esta pequena compilación mergúllase nunha variedade de textos históricos, códices e achegas orais, á procura de todos eses relatos, coa idea de lembrar unhas lendas e descubrir outras.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 104 páxinas  
ISBN: 978-84-10324-33-6  
14,90 €





3↑



**Matilde Tacchini**  
**Isto é moi extraño...**

Un divertidísimo álbum que convida a xogar coas palabras e coas imaxes. Mamá sempre di que o protagonista do libro é o seu pequeno coala. Papá non opina o mesmo, cre que é seu ratiño. E, cando dorme, os dous pensan que é un leirón... Cada día e en diferentes situacións, os adultos empregan símiles e metáforas que non sempre son ben comprendidos polas nenas e os nenos máis pequenos. Estas aparentes dificultades son a materia coa que Matilde Tacchini crea esta historia chea de humor, dobres sentidos e situacións hilarantes que invita a xogar coas maravillosas posibilidades creativas da linguaxe. As ilustracións de trazo fresco e rápido de Mercè Galí dialogan co texto acentuando o seu sentido do humor e deixando pistas sutís que conducen a un sorprendente final. Traducido por Manuela Rodríguez.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-358-5

14 €



**Natalia Shaloshvili**  
**Paulo está de mal humor**

Un álbum delicioso sobre sentimentos. Paulo ten un mal día e todos os plans reciben a mesma resposta: Non! Pero súa nai sabe que o mellor que se pode facer cando un está de mal humor é saír a dar un paseo e recibir unha aperta de amizade. A artista ucraína Natalia Shaloshvili escribe e ilustra esta historia chea de amor, humor e tenrura na que o seu protagonista é capaz de superar o sentimento negativo coa axuda dos amigos e da familia. Un álbum ideal para compartir e para reflexionar cos máis pequenos. A tradución é de Iago Nicolás.

Kalandraka Cartonado 25,5 x 26,5 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-323-3

15,20 €



**Tobias Giacomazzi**  
**Quero andar sen rodiñas!**

Un divertido álbum sobre o crecemento e a resiliencia. Rino xa non é un cágado e aprendeu a andar en bicicleta. Con todo, non está contento. Quere ir sen rodiñas e manter o equilibrio como o señor Renato, que leva o xornal debaixo do brazo, como a señora Adela, que carga coa compra sen caer, ou como Laureano, o carteiro, que reparte o correo por toda a cidade... Unha historia sobre a importancia da vontade e da resiliencia como elementos fundamentais no proceso de aprendizaxe e de crecemento, aínda que tamén sobre a relevancia da axuda colectiva e da solidariedade. Esta obra, traducida por Xosé Ballesteros, foi finalista do XVII Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados.

Kalandraka Cartonado 22 x 26 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-1343-347-9

15,20 €





# Para aprender a ler

A serie de Sally Rippin axeitada para primeiros lectores. Comezan lendo a palabra que aparece ao final de cada liña e continúan para ler a historia completa. Títulos ilustrados por Chris Kennett e traducidos ao galego por Raquel Senra Fernández.



Hércules Rústica  
14 x 21 cm 40 páxinas  
7,95 € cada título

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

**Sally Rippin**  
**Escola de Monstros 1**  
**Unha mascota lambona**

Non hai que levar mascota á escola. Coidado! A de María é superlambona.

ISBN: 978-84-19754-58-5

**Sally Rippin**  
**Escola de Monstros 2**  
**Un guedellán ao que lle gusta a marmelada e o pan**

Este guedellán provoca unha maraña cada vez que come marmelada. Como o solucionarás?

ISBN: 978-84-19754-59-2

**Sally Rippin**  
**Escola de Monstros 3**  
**Dúas irmás moi especiais**

A algúns monstros gústalles xogar... E a outros, asustar.


ISBN: 978-84-19754-60-8



**Diego Giráldez**  
**Xulia e as cóxegas das nubes**

Xulia decidiu nacer antes do previsto. Xusto o día que ficou sen electricidade a TurboBarloventa, a máquina que fabrica nubes de vida. Haberá algo que a poida substituír?

Aira Cartonado  
24 x 17 cm 192 páxinas  
ISBN: 978-84-128837-5-6  
15,20 €



**Fina Casallerrey e Xosé Cobas**  
**Filla das ondas**

Froiaz detesta Pontevedra, onde acaba de mudarse coa súa familia. Na noite de San Xoán escoita unha voz que canta cerca da súa xanela: era Mariña, unha nena con quen percorre a cidade baixo a lúa chea. Ela é capaz de facelo invisible ou transportalo a través do espazo e do tempo para coñecer a moitos dos personaxes que poboaron a cidade: Méndez Núñez, Benito Soto, Manuel Quiroga ou Castela, entre outros. Fina Casallerrey, unha das escritoras máis importantes da literatura infantil e xuvenil galega, galardoada co Premio Nacional de Literatura e candidata ao Premio Astrid Lindgren, achega a historia e o patrimonio da súa cidade natal a través da mirada de asombro da infancia. Ilustracións de Xosé Cobas.


Kalandraka Cartonado  
21 x 29,7 cm 64 páxinas  
ISBN: 978-84-1343-343-1  
19 €



**Leticia Costas**  
**Os minimortos**  
**Falso aniversario**

Maya está nerviosa porque se aproxima o seu aniversario. Cando chega o día, os Minimortos prepáranlle unha festa sorpresa onde non falta de nada, mesmo hai uns impresionantes fogos de artifício que argallou Dinamito no seu laboratorio. Vai ser un aniversario imposible de esquecer, sobre todo porque o Outro Barrio aparece ategado dunhas eirugas de luz que formaban parte do espectáculo pirotécnico. A luz que emiten é insuportable e todo o mundo está enfadadísimo, ata o punto de que alguén denuncia a Dinamito e a Policía Esqueleta lévaa preso.


Xerais Rústica  
14,5 x 20 cm 56 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-586-6  
12,95 €



**José Monteiro Lobato**  
**As travesuras de Nariciño**

Un clásico da literatura infantil brasileira. Nas súas primeiras aventuras participan Emilia, a boneca de trapo; a tía Anastasia, famosa polas súas deliciosas tortas; a dona Benta, unha avoa moi especial, e a súa neta Lucía, a nena do nariz requichado, a quen todos chaman Nariciño. Un día, Nariciño atópase cun peixeño e cun escaravello... vestidos de persoas! A tradución é de Anxo Tarrío. José Bento Monteiro Lobato (1882) está considerado como o pai da literatura infantil e xuvenil en Brasil. De feito o día 18 de abril conmemórase o Día do Libro en Brasil, en recordo da súa data de nacemento. O mundo do campo subministró a Lobato vasto material para a súa produción, permitindo que a aproveitara na súa ficción.

Hércules Rústica  
14 x 21 cm 192 páxinas  
ISBN: 978-84-19754-57-8  
15,67 €



**Carlos Labraña**  
**A Biblioteca Galáctica contra a IA fantástica**

Ataúlfo, o rato que coida da Biblioteca Galáctica, descobre que unha ameaza se torna sobre os personaxes dos libros infantís dos seus andeis. Nunha loita contra o reloxo, o rato bibliotecario, Ramón Lamote e Sara deberán loitar contra o malvado profesor Smith e a súa IA fantástica para liberar os seus amigos Toribio, Espantallo Amigo e Lobo Namorado da súa maléfica influencia. Ilustrado por Mara Méndez.

Galaxia Rústica 132 páxinas

ISBN: 978-84-1176-362-2

6,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



**Juan de la Cruz Castaño Vicente (Juáncho)**  
**O pequeno libro da intrépida Éire**

Cando un ousado libro quere transcender, busca o xeito de narrar unha historia épica. Poucos hai tan impetuosos coma este. Nas súas páxinas é el o protagonista. O libro dentro do libro. E, xunto a el, unha nena valorosa. Unha aventura onde a natureza, o misterio e as emocións se abren camiño a cabalo da afouteza da pequena Éire. O amor desta nena pola súa xente vai levar tan lonxe que lle será difícil atopar o camiño de volta.

Cando un ousado libro quere transcender, busca o xeito de narrar unha historia épica. Poucos hai tan impetuosos coma este. Nas súas páxinas é el o protagonista. O libro dentro do libro. E, xunto a el, unha nena valorosa. Unha aventura onde a natureza, o misterio e as emocións se abren camiño a cabalo da afouteza da pequena Éire. O amor desta nena pola súa xente vai levar tan lonxe que lle será difícil atopar o camiño de volta.

Galaxia Rústica 17 x 24 cm 88 páxinas

ISBN 978-84-1176-354-7

19,19 €



**Andrés Villar Murillo**  
**Candela e o espello máxico**


Candela é unha nena de oito anos extravertida, simpática e rebeldeira. Gústalle gozar da natureza, algo que aprendeu do seu avó. É meticulosa coas súas cousas. Non soporta ver lixo tirado no chan. É moi responsable co medio natural: gústalle plantar árbores e frecuentemente acompaña ao seu avó en longos paseos pola beira do río ou subindo polos montes próximos á súa vila. Unha tarde, atopa un espello no lixo que ten a virtude de limpar toda a suciedade que se reflicte nel e Candela comparte o segredo co seu avó. Porén, había algo que os inquietaba, porque ningún dos dous podía verse no espello.

Toxosoutos Rústica 15 x 21 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-128122-2-0

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



**Sir Arthur Conan Doyle**  
**Sherlock Holmes**

**O sabuxo dos Baskerville**

Cun sabuxo fantasmal solto e un home misterioso vivindo no páramo, Devon, ao Suroeste de Inglaterra, é un lugar perigoso, pero Holmes e Watson deben sobrepoñerse aos seus temores. Os dous investigadores son os encargados de resolver o asasinato de sir Charles Baskerville. En tradución de Xosé Duncan.

Bululú Rústica 13 x 21 cm 128 páxinas

ISBN: 978-84-10049-17-8

14 €



**Sir Arthur Conan Doyle**  
**Sherlock Holmes**


**Os señores de Reigate**

Watson organiza unha visita a un amigo no campo. Pero, despois dun roubo que desconcerta á policía, Holmes vese envolto nunha rede de mentiras, chantaxe e asasinato. Só el pode dar cos viláns. En tradución de Maruxa Zaera.

Bululú Rústica 13 x 21 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-10049-10-9

14 €



**Sir Arthur Conan Doyle**  
**Sherlock Holmes**


**Os tres estudantes**

Unha tranquila viaxe de investigación convértese nunha carreira contra o reloxo cando o profesor Soames chega a Holmes e Watson cun extraño misterio. Tres estudantes son sospeitosos de facer trampas.

Bululú Rústica 13 x 21 cm 120 páxinas

ISBN: 978-84-18667-89-3

14 €



**Sebastián Paz**  
**Cuentos maravillosos**

Libro para quen viven nun mundo de encantamentos, fadas, xenios, bruxas e de viaxes a outros mundos imaxinarios. En edición árabe-castelán.

Toxosoutos Rústica 13 x 20 cm 148 páxinas

ISBN: 978-84-128497-2-1

15 €



**María del Carmen Rey Núñez**  
**Lúa e o paxaro**

Lúa é unha nena despistada e, segundo coidan os pais, desobediente. Raro é o día que non a castigan no cole. A hiperactividade que padece e ninguén lla detecta, impide que o seu maxín se centre nos estudos ou en cousas do cotián. Porén, grazas á axuda dun paxaro que acaba de aterrizar cabo dela e asegura chamarse don Tomás, a realidade promete ser ben distinta.

Toxosoutos Rústica 14,8 x 21 cm 46 páxinas

ISBN: 978-84-128986-8-2

12€

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €





**Iria Misa**  
**A excursión a Cans**  
Unha veciña de película

Desde o verán pasado, os xemelgos Elsie e Simón non saben nada de Alice, a súa estrafalaria veciña cineasta coa que viviron emocionantes aventuras de película. Mais é posible que iso cambie o día que van de excursión co cole ao Festival de Cans. Ficción e realidade, "ghalpoons" e chimpíns, son os ingredientes perfectos para que se produza o reencontro. Ilustra Laura Suárez.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 160 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-632-0  
12,95 €



**Andrea Maceiras**  
**O enigma de Sempreviva**

Senda múdase cos pais á pequena aldea de Sempreviva; a nena queda moito tempo soa na vella escola onde viven, coa única compañía de Sentinela, a súa asistente virtual. O matrimonio de biólogos vai estudar a zona porque está tan contaminada que non medra nada en toda a contorna. Un día Senda decátase de que no patio agromou un pequeno brote verde. Decide facerse cargo del e así atopará unha caixa con obxectos que pertenceron a un neno chamado Olmo. Se cadra neles se atope a resposta ao enigma de Sempreviva. As ilustracións son de Sara Porras.


Xerais Rústica 13 x 20 cm 144 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-617-7  
12,95 €



**Ana Vigo**  
**Mundo oculto**  
**O rescate do unicornio**

Se a Iria lle dixesen que ía ver un unicornio de verdade, non o crería; e se lle falasen dos seres mitolóxicos que estaba a piques de coñecer (olláparos, demos, xacias) pensaría que se burlaban dela. Por iso, cando atopa o unicornio Rixo e descobre que está en problemas, deberá aceptar que a realidade non é como imaxinaba e unir forzas con Tilo (outra humana que pode ver os seres ocultos) e con Xan (un diño burleiro queixón) para tratar de salvar o animal, e a si mesma. Unha aventura inesquecible por lugares que todos cremos coñecer, pero que agochan maxia e seres fantásticos. Ilustra Paula Cheshire.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 168 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-646-7  
12,95 €



**Carlos Taboada**  
**O caderno de Roque**

A familia Charabiscas da aldea de Pedrafermosa agarda con impaciencia a chegada do tío Roque, que marchou a percorrer o mundo e que lles prometeu volver para celebrar unha festa polo seu trinta aniversario. Cando chega o día sinalado, a familia recibe na caixa do correo o caderno de viaxe do tío e, ao longo da xornada, non para de soar o timbre da casa. Unha sucesión de personaxes fantásticos (un xigante, unha serea, un vampiro...), cada cal máis peculiar, vai aparecendo por sorpresa, convidados á festa de aniversario. Pero o tío Roque segue sen chegar. Unha orixinal novela de viaxes, aventuras e fantasía, rica en detalles e desbordante de imaxinación e humor.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 160 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-620-7  
12,95 €



**Eduardo Santiago**  
**A nena do pixama estrelado**

Cando espertou, a nena do pixama estrelado decatouse de que non podía mover as pernas. Calquera outra, na súa situación, asustárase, mais ela non. Só pensou en cal podía ser o motivo de que as súas pernas non se movesen. No seu décimo aniversario regaláranlle cousas moi valiosas economicamente e tamén un pixama azul poboado de estrelas. Por algunha misteriosa razón, aquel pixama foi o agasallo que máis ilusión lle fixo e, talvez, un dos motivos polos que agora non poida mover as pernas. Hai outros motivos, si, e a nena está disposta a descubrilos todos. Unha historia de superación sobre as mudanzas familiares e a axuda da amizade, a imaxinación e o amor. As ilustracións son de Eli García.

Xerais Rústica 13,5 x 19 cm 168 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-644-3  
12,95 €



**Ramón D. Veiga**  
**Maíos e desmaios**

Na vila onde todas as nenas e nenos teñen nome de flor pasan o ano enteiro esperando a primavera, e danlle a benvida celebrando a festa dos Maíos. Grazas a un programa de televisión, coñecen a Toxina, unha nena alérxica ao pole que vive nunha fraga onde festexa os Maíos dun xeito un tanto particular. As ilustracións son de Iván R.

Xerais Cartonado 15,5 x 23 cm 64 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-611-5  
14,50 €




**Waldemar Bonsels**  
**A abella Maia**

A abella Maia abandona a súa colmea levada polo seu espírito curioso e independente. Na súa exploración do mundo exterior aprenderá leccións vitais sobre a cooperación, a valentía e a lealdade. Dende a súa publicación en 1912, as aventuras da abella Maia ocuparon un lugar destacado na literatura infantil e xuvenil, cunha substancia política e filosófica que admite lecturas adultas, e adaptáronse a múltiples formatos, dende películas e series de animación a obras de teatro e musicais. Texto traducido do alemán por Eva Almazán.

Sushi Rústica 14 x 21 cm 160 páxinas  
ISBN: 978-84-16884-91-9  
15,20 €





### Antonio M. Fraga


## O bestiario científico de Anxos Nogueirosa

I Premio María Victoria Moreno de Literatura Xuvenil, Premio da Gala do Libro 2019 á mellor obra xuvenil, Obra incluída na Lista de Honra IBBY 2022 1933. Aos seus trece anos, Suso é obrigado a pasar o verán nas colonias do Sanatorio Marítimo de Oza por mor da súa mala saúde. No traxecto en tren cara ao destino, chega ás súas mans un caderno cun misterioso título na cuberta: "Liber bestiarium scientificus". Cando Suso decide mergullarse nas súas páxinas, lonxe está de saber que ese intre marcará un verán cheo de aventuras na compañía de Tila, unha rapaza das colonias coa que acabará forxando unha bonita amizade.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 208 páxinas

ISBN: 978-84-1110-612-2

12,95 €



### Héctor Cajaraville


## Aurora Austral

Ano 2053. Mei, unha moza de 17 anos esperta no medio dunha catástrofe global que a obriga a deixar a súa cidade despois de que unha estraña explosión a convertese en ruínas. Pero este suceso trágico será a oportunidade para fuxir cara a un lugar libre da ditadura neixente, que fará sen dudar acompañada de Eva e Tien-mu, sen saber ningunha das dúas que teñen moito máis en común que esa fuxida. O xurado do XI Premio Meiga Moira de Literatura Infantil e Xuvenil destacouna por ser unha "historia de aventuras ambientada nun universo distópico non moi distante do noso, con gran dose de crítica sociopolítica e que busca poñer o foco sobre o modelo de mundo ao que nos diriximos. Escrito nun estilo dinámico e fluído, con diálogos cribles que interpelan ao público lector".

Baía Rústica 13x 19 cm 168 páxinas

ISBN: 978-84-9995-456-1

17,10 €



### Brais Babarro Fernández


## A sombra do graffiti

Unha vila dos Estados Unidos vese arrasada por un tornado. Todos puideron escapar agás Bego, unha estudante galega de bacharelato que está de intercambio, quen, ademais de facer fronte á destrución, atopa o cadáver dun rapaz que leva ao pescozo o pano que ela trouxera desde Muros, coas sinaturas de amigos e familia. Soa, sen saber como o finado se fixo con el, e co medo de poder ser acusada de asasinato, comezará unha investigación contra o relaxo para probar a súa inocencia. A primeira pista tena cara: o mozo ten un nome tatuado no brazo: Stewart Amwer.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-1176-345-5

14,90 €



### Nando López


## A idade da ira

Marcos non é o alumno que saca as mellores notas, pero é o máis popular do seu instituto, o líder entre os seus compañeiros e o obxecto de desexo das súas compañeiras. Sen motivo aparente, asasina ao seu pai e deixa ferido de gravidade a un dos seus irmáns. A electrizante investigación deste caso leva a un periodista a amosar un mundo adolescente descarnado e sen tópicos. En tradución de Xosé Duncan.

Bululú Rústica  
14 x 21 cm 356 páxinas

ISBN: 978-84-10049-14-7

18,52 €



### Herman Melville


## Billy Budd

A derradeira novela de Herman Melville, que non se publicaría até trinta anos despois da súa morte. A acción ten lugar cando o lume da Revolución Francesa se espallou polos mares e levou a enfrontárense a Francia e Gran Bretaña. No medio desta guerra, un gaviro é recrutado á forza por un buque británico. A inocencia e bondade do mozo non son ben recibidas entre os demais mariños. A tradución é de Xosé Duncan e as ilustracións, de Javier Vidal Aguilera.

Bululú Rústica  
14 x 24 cm 146 páxinas

ISBN: 978-84-10049-21-5

17,57 €



### David Cortizo Conde


## Púrpura Tero

Ausela pérdese na gran chaira deserta que cobre case totalmente Púrpura Tero, e busca acubillo nunha cova, onde agarda a que a súa cuadrilla a atope, mentres non deixa de pensar no obxecto que viu caer desde o espazo. No seu planeta abrolla unha planta con propiedades especiais moi cobizada por toda a galaxia. Se desen con ela, podería significar a fin da vida dos chairegos tal e como a coñecen. Unha aventura no tempo e nos espazos futuros.

Galaxia Rústica  
13,5 x 21 cm 124 páxinas

ISBN: 978-84-1176-335-6

13,90 €



### Pepe Carballude

## En terra allea

En Terra allea aborda o tema da migración e os dramas colaterais: explotación laboral, vivenda, convivencia, enganar, abusos..., mais tamén dá conta de xente boa que tenta poñerse na delicada situación do outro. As relacións humanas, as friccións e os consensos, a imposición e a tolerancia, as penas e os momentos felices, pesan moito no decorrer da trama, onde, ao final, triunfa o amor. Un retrato real, traumático, dun feito que se pode ver acotío e unha chamada á solidariedade e á colaboración de todos.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 206 páxinas

ISBN 978-84-1176-349-3

15,20 €




# O ano da homenaxe ás cantareiras e a poesía popular



A través de Adolfina e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira (Muxía), e Prudencia e Asunción Garrido Ameijende e mais Manuela Lema Villar –as tres Pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños) falecidas hai máis dunha década–, a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas ás cantareiras e á poesía popular oral. É a homenaxe “das moitas persoas, sobre todo mulleres, que por toda Galicia

coidaron, arrequeñaron e transmitiron” unha tradición centenaria que segue a deixar pegada nas novas xeracións. Pero iso non é todo. Tal e como busca a Academia, o vindeiro 17 de maio “dialogará asemade coa modernidade de artistas que hoxe exploran novos vieiros para a literatura de base popular a partir da tradición recibida, sempre unida a outro tesouro patrimonial colectivo: a música”.



## Icíá Varela e Xosé Manuel Varela Cantareiras

Un percorrido polo legado da música e a poesía popular. A tradición das pandeireteiras. As Vellas de Mens, Eva Castiñeira e Adolfina e Rosa Casás. Da man da pandeireteira Icíá Varela e o investigador Xosé Manuel Varela.

Xerais Rústica  
13 x 20 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-1110-610-8

11,50 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## María Lado Canta, miña compañeira O legado das cantareiras

Adolfina, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción e Manuela son os nomes propios de seis das miles de cantareiras ou pandeireteiras que ao longo do tempo crearon e conservaron unha rica poesía popular oral, que foi transmitida de xeración en xeración. Grazas a mulleres coma elas, chegaron a nós coplas, ritmos, bailes, contos, xogos, remedios e costumes. Sen ese prezado saber, a música galega que escoitas hoxe en día e a literatura que les non serían as mesmas. Por iso, esas mulleres son as homenaxeadas no Día das Letras Galegas de 2025.

Xerais Rústica  
13,5 x 19 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-619-1

12,95 €



## Eva Mejuto Sei cantar e sei bailar

Enfiando un ronsel de cantigas, muiñeiras, maneos e xotas, *Sei cantar e sei bailar* segue a pegada das viaxes de Dorothé Shubarth por Galicia e acompaña á musicóloga suíza do Courel á Costa da Morte para recoller as voces das mulleres que mantiveron viva a faísca da lingua no seu cantar. Vai ser posible tocar coa pandeireteiras de Mens, cantar con Adolfina e Rosa Casás e bailar con Eva Castiñeira para homenaxear a todas as mulleres anónimas que teceron, amaron e transmitiron a música, poesía e cultura ao longo dos séculos. Con ilustracións de Lucía Cobo.

Xerais Cartonado  
19,5 x 26,6 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-618-4

15,50 €



## Mercedes Peón, Ana Romani, Selina Otero, Andrea Nunes, María Reimóndez, Susana Sánchez Aríns e Natalia Balseiro


### Somos pandeireteiras

Esta é a historia dunhas mulleres que, coa pandeireta na man, eran libres. Tal e como afirma Mercedes Peón no limiar, eran “libres de tocar, de berrar, de aloumiñar coa voz, de dissociar e ornamentar mentres tiñan o seu transo en colectividade, libres de facer a foliada, donas do serán e donas da palabra”. A partir do recoñecemento desa liberdade, naceu o proxecto *Somos Pandeireteiras*. Nas súas páxinas as autoras, seis mulleres galegas contemporáneas, recollen o testemuño desde a súa propia palabra.

Xerais Rústica  
15,5 x 23 cm 112 páxinas

ISBN: 978-84-1110-609-2


17,05 €



## Xavier Seoane A árbore desvelada

A deste libro é unha voz que entende a poesía como o labor de tecer verbas e urdir signos e sons cos vimbios esvarados do tempo e do aire. Isto é, á fin, o mellor que o poeta ten para dar as grazas en homenaxe e celebración de persoas, feitos ou lugares que o acompañaron e enriqueceron ao longo dos anos, deixándolle un pouso impagable. Son versos que levan dende o abraio ante a obra ou a sensibilidade dunha figura exemplar ata a exaltación dunha feliz experiencia ou das vivencias que propician as viaxes. Versos, ao tempo, que tampouco non esquecen deixar un testemuño de repudio dos acontecementos que ensombrecen, e empeoran, o mundo. Xorden así, nos labirintos da palabra, poemas que acaban por compoñer unha posible constelación, un vago mapa, unha certa paisaxe afectiva e moral...


Factoría K Rústica  
14,5 x 21 cm 168 páxinas  
ISBN: 978-84-19213-56-3  
15 €



## Cesáreo Sánchez Iglesias O rumor do distante

As humildes trazas dos camiños, comunicando a montaña e o mar, ao longo da historia da Galicia, vertebraron a xeografía de parte da Europa. Este longo poema que percorre os sete camiños (6+1) foi escrito paralelamente aos traballos do autor na protección do patrimonio cultural galego. No 2000 obtivo o XX Premio Esquio de Poesía en Lingua Galega.

Laivento Rústica  
14 x 21 cm 218 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-705-9  
18,95 €




## Marta Dacosta e Manuel Álvarez Piueiro

### Caderno da tripulación

Un proxecto nacido do máxin do fotógrafo Manuel Álvarez Álvarez (*A Guarda*, 1954) que conta cos inspirados e rotundos versos da poeta Marta Dacosta (Vigo, 1966). Trátase dun libro gráfico, en edición moi coidada, que reúne os rostros de 20 coñecidas persoas mariñeiras da Guarda. Como unha loita contra a desmemoria e contra todo o patrimonio perdido, o fotógrafo Manuel Álvarez rescata estes rostros como un exercicio de resistencia. A carón deles, os poemas de Marta Dacosta. O volume rende homenaxe póstuma a Domingo Carro Álvarez, *Minxos*, mestre carpinteiro de ribeira do Baixo Miño, grazas a quen foi posible construír en 2019 o volanteiro *Piueiro*.

Alvarellos Rústica  
22 x 27 cm 64 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-67-4  
18,90 €



## Stella Maris González Balbuena Antoloxía esencial de Jacques Prévert

Escolla poética a través de oito poemarios de Jacques Prévert que descobre ao autor popular, tenro, rebelde, antimilitarista, o ecologista e animalista *avant la lettre*. Ironiza coa xente da *Belle Époque* e empatiza coas sardiñeiras, cos limpabotas, co obreiro que tantas xornadas lle deu ao patrón. A súa tenrura cos nenos, os castigados sen vacacións, os que foxen do Reformatorio, os que estampan o nariz contra as vidreiras e soñan... é inmensa e natural como natural é o poeta. Traducido do francés por Stella Maris González Balbuena.


Medulia Rústica  
14 x 21 cm 168 páxinas  
ISBN: 978-84-10324-38-1  
14,90 €



## Alexandre Corbillón O segredo do trasno

A descuberta dun novo territorio sempre é a descuberta dun novo mundo. Atopar novas xentes e novas paisaxes fai reverdecer os vellos vínculos cos devanceiros. Desa fascinación toma este libro de poemas a súa materia prima. Novo título da colección Valilongo de poesía que Aira coedita coa Fundación Ínsua dos Poetas.


Aira Rústica  
13 x 21 cm 152 páxinas  
ISBN: 978-84-128837-7-0  
17,10 €



## Pilar García Rego Desaparecer

"Este foi un libro escrito durante un proceso difícil, trastornado, nun movemento de precesión, expulsivo", revela a autora na contracuberta, antes de preguntarse "En que consiste a valentía?" Pilar García Rego (1966) é comunicadora e xornalista. Desenvolve o seu traballo na TVG desde 1989 en programas culturais. Foi guionista/editora de series de televisión como *Rtas Baixas*, *Libro de familia* e *O faro*. Publicou diversos poemas e colaborou no *Manifesto 25N. 30 voces pola eliminación da violencia contra a muller* e na antoloxía de xénero *Así fala Penélope*.


Galaxia Rústica  
12 x 22 cm 118 páxinas  
ISBN: 978-84-1176-339-4  
14,50 €



## Pechu Naveiras Dorna arelante no neboeiro

"*Dorna arelante no neboeiro* váisenos entregando coma unha canción con grolos de natureza doces e refrescantes, berros de denuncia adozados de recendos do Eume, pequenas historias dos antigos celtas, raios de sol perfumados en belidas flores e soños fermosos convertidos en ilusións. No libro resoan ecos da nosa lírica popular e un son rítmico precedente, tal vez, do mar do Orzán". Do texto de Alberte Suras.


Medulia Rústica  
20 x 20 cm 202 páxinas  
ISBN: 978-84-10324-31-2  
17 €



## Miguel Ángel Vilar Bujía Anacos dunha lembranza

"Ignoro se *Anacos dunha lembranza* é título escollido polo propio autor. Non lle acaría mal tampouco *Peneira dos días*, xa que, segundo o texto en prosa que precede os poemas, parece ser este o obxectivo do poeta: amosarnos as experiencias e sentimentos que a peneira da vida escolmou e salvou, aquilo que máis seriamente posuímos e nos posuí, aquilo que a final nos constituí". Texto da editora.

Toxosoutos Rústica  
13 x 20 cm 124 páxinas  
ISBN: 978-84-128986-7-5  
14 €




## Esteban Sanesteban A voz das anemones

É sobre todo un canto á vida. Os poemas deste poemario foron nacendo aos poucos e algúns afástanse entre eles ata en máis dunha década. O seu lento abrollar esténdese sobre unha época de metamorfose: a maduración do autor que vai deixando atrás o neno que foi, preocupado por perderse a si mesmo no camiño. A procura do sentido percorre tanto os pequenos detalles dos días como as experiencias máis intensas e transcendentais.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 56 páxinas  
ISBN: 978-84-10324-32-9  
14,90 €






**Diego Cousillas Novo**  
**G**

"Greguería, haiku, caligrama, poesía concreta, soneto visual, poesía tipográfica, experimentación... Cousas... Con permiso de Castela. É do que se compón G, título que fai referencia a Greguería, pero tamén a Galego, a materia coa que está feita a obra. A expresión concreta do idioma representada por unha letra que se converte en homenaxe ao dicionario, ese libro escrito sen grandes palabras, sen maiúsculas, pero que dá entrada a todas as voces, ao H mudo e aos sons excluídos pero non inexistentes na lingua: Y, J, K, W. Un "G" con ou sen gheada e o seu séquito alfabético que aquí se ordena a modo de particular abecedario para enumerar as seis partes do libro". Do limiar de Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Caccamo.


Laovento Rústica  
14 x 21 cm 130 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-709-7  
14,95 €



**Miguel Rodríguez Monteavaro**  
**Cortar pescado en Manila**

Libro heterodoxo, fóra do canon, con moitas facetas e capas. Grazas ao personaxe dun peixeiro das rúas de Manila, Rodríguez Monteavaro sintetiza os problemas xerais do mundo de xeito fresco, con madurez e cunha proposta formal pouco corrente: o protagonista do libro fala en primeira persoa da precariedade laboral, da violencia, do desexo, do amor, da tenrura, das expectativas do futuro e dos traumas do pasado.


PEN Galicia Cartonado  
12,5 x 20,5 cm 66 páxinas  
ISBN: 978-84-09-66490-0  
18,05 €



**Luísa Villalta**  
**Poesía inédita e dispersa**

"Palabras desatadas, palabras dadas coma beixos, palabras atadas que nos fican dentro, palabras torcidas, palabras de conformidade, palabras sen esquinas, palabras desfeitas, palabras definitivas, palabras insultantes... Todas estas e máis, conforman este volume da *Poesía inédita e dispersa* de Luísa Villalta, que pecha o fresco poliédrico dunha poeta que converte o seu proceso creativo nun constante madurar, onde, devagar, nas súas pólas agroman, cal froitos, a música e as palabras". Texto da editora. Editada por Pilar Pallarés e Miguel Mato.


Galaxia Rústica  
16 x 22 cm 198 páxinas  
ISBN: 978-84-1176-353-0  
17,57 €



**Comadres das Letras**  
**Cereixas roubadas**

As Comadres das Letras regresan cunha nova e suxestiva proposta literaria. Despois da publicación de *Contármonos*, nestas *Cereixas roubadas*, o colectivo de escrita feminista impulsado en 2021 polo Concello de Santiago co apoio da Asociación de Escritoras e Escritores en Língua Galega, rende homenaxe a Luísa Villalta. Trece voces asinan as súas creacións nuns textos que transitan do verso á prosa, da peza dramática ao caligrama. Creacións individuais e tamén colectivas, nunha orixinal achega que continúa a inspirada senda en común trazada polas Comadres en 2023. Limiar de Marga do Val.

Alvarellos Rústica  
14 x 21 cm 176 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-68-1  
17,57 €



**Medos Romero**  
**As flores do baleiro**

*As flores do baleiro* é un pranto contido diante dunha inmensa traxedia humana, un testemuño poético e persoal desde o ventre da pandemia, a dor en extrema soitude, di a autora. Tamén é a fragilidade do ser humano, o seu egoísmo e a súa necidade, e a barbarie na súa dimensión máis salvaxe, onde "somos máscaras desta traxicomedia debuxando cicatrices que espantan".


Galaxia Rústica  
12 x 22 cm 104 páxinas  
ISBN: 978-84-1176-337-0  
14 €



**María Álvarez Landesa**  
**Os pozos elegantes das clavículas**

A voz inmaculada dunha muller orfa que sabe que perdeu a súa condición de filla. Así define os novos versos de María Álvarez Landesa (Vigo, 1970) a tamén poeta Miriam Ferradáns no limiar a esta obra, na que a autora rende homenaxe á súa nai. O libro inclúe un código QR onde escoitar á autora recitando algúns dos seus poemas sobre as bases musicais de Paco Dienta.


Alvarellos Rústica  
14 x 21 cm 66 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-63-6  
14,50 €



**Valentina Marta Rodríguez**  
**Takotsubo. Morfopatoloxía dun corazón roto**

"Desvinculación. Melancolía. Negación. Vertixe. Idealización. Insomnio. Asimilación. Tormenta de sentimentos. Cerebro emocional. Todo aquilo que puido ser, mais non foi. Dopamina neuronal. Dó tras a perda. Loito correndo polas veas. Miocardiopatía de Takotsubo. Este libro de poemas é un canto ao desamor, un sentimento que nos fai sentir vivos e mortos por igual". Texto da editora.


Medulia Rústica  
14 x 21 cm 40 páxinas  
ISBN: 978-84-10324-34-3  
14,90 €



**Manuel Teira**  
**Cadernos da desmemoria**

"*Cadernos da desmemoria*, poliédrico frontispicio de vez, ofrécenos 50 poemas tallados nunha rica e complexa linguaxe, entre culta e popular, nos que sobrancean temas como a rememoración e a nostalxia, o desarraigamento, a perda, a busca do eu, o labirinto, todo tinguido de certo malditismo vital e inserido nunha estrutura complexa. O seu estilo é quer simbólico, quer referencial mais profundamente elexiaco, cargado dunha ferinte melancolía, que utiliza para reflexionar sobre a vida e a existencia". Texto do prólogo de Eme Cartea.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 80 páxinas  
ISBN: 978-84-10324-35-0  
14,90 €




**Charo Valcárcel**  
**A nena chuvia**

"En *A nena chuvia*, Charo Valcárcel afianza de vez a súa propia e persoal voz, o seu xeito particular de re-crear o mundo, integrando estas características súas de precedentes entregas e transcendéndoas, ao tempo, cunha fermosa metáfora: a da auga. Porque de auga somos feitos, máis ca de ningunha cousa". Prólogo de Ramón Caride.

Medulia Rústica  
14 x 21 cm 48 páxinas  
ISBN: 978-84-10324-36-7  
14,90 €

# María Pilar García Negro



## Carlos Garrido

### Farpas e lampejos regeneradores

Artigos de análise e intervenção contra a degradação da Língua



O presente volume agrupa os cincuenta e oito artigos de divulgación lingüística que, desde 2020, com periodicidade mensual, o autor tem até agora publicado no *Nós Diario*. Som pezas breves, rigorosas e amenas, destinadas ao público xeral, que analizan aspectos lexicais, morfosintáticos, ortográficos, pragmáticos e sociolingüísticos do galego-portugués da Galiza contemporánea, con atención preferente dispensada à norma e ao uso culto.

Através Rústica  
16 x 23 cm 148 páxinas  
ISBN: 978-84-16545-96-4  
15 €

## Arredor de Castelao no século XXI

Reedición da obra publicada orixinalmente en 2001 mais agora actualizada para conmemorar o 75º cabodano de Castelao, unha das figuras máis relevantes da cultura galega do século XX. O texto ofrece unha análise profunda e contextualizada do pensamento e legado do intelectual rianxeiro: analiza a visión política de Castelao sobre a autonomía e soberanía de Galicia; a obra artística, con especial foco no seu traballo como debuxante e humorista gráfico; o seu compromiso coa lingua galega e o papel na normalización cultural, así como a vivencia das súas ideas no debate contemporáneo.

Laiovento Rústica  
14 x 21 cm 210 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-711-0  
18,95 €




## Antom Santos

### Terra a nossa!

Discurso e identidade agrária na Galiza moderna (1875-1936)

"Terra a Nossa! foi unha das consignas mais recorrentes e significativas da Galiza do primeiro terzo do século XX, unha bandeira da fahenda colectiva, que implicitamente reconhecía as orixens labregas dos diferentes estratos de clase e ámbitos culturais que a abraçaron. Quiçá as súas orixens fiquem no poema rosaliano que, com este título, aparece em *Follas Novas* (...) A legenda sintetiza o esforço teórico, cultural e político que todos os agentes participantes na construción da identidade galega moderna viñham acometendo desde o século anterior, tomando o campo como base". Texto da editora.

Laiovento Rústica  
14 x 21 cm 290 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-700-4  
20,85 €




## Guiomar Acevedo López

### Entre a memoria e o esquecemento

Unha visión do pasado español dende o exilio republicano en México

A autora, especializada en estudos sobre memoria e identidade en contextos de desprazamento forzado e exilio político, achega, ademais de reflexións teóricas sobre os seus dous principais obxectos de estudo, unha aproximación ao exilio republicano en México e a súa *institucionalización*, así como ás condicións nas que se produciu a denominada "transición española", ollada dende a distancia dun exilio permanente no país de acollida.

Laiovento Rústica  
14 x 21 cm 166 páxinas  
ISBN: 978-84-8487-701-1  
14,95 €




## X. L. Méndez Ferrín

### Primeiro foi Galicia

Reunión de textos que indagan nas relacións históricas (e silencios) entre Galicia e Portugal, e viceversa, reunidos baixo o significativo epígrafe "Lonxe de nós e dentro: Portugal"; e un segundo apartado, titulado "Gallaecia suévia", no que o autor aborda a relevancia do estado que, no século V, ergueron na Gallaecia os suevos, con capital en Bracara Augusta, actual Braga. O primeiro reino da Europa despois da desaparición do Imperio romano. Todos os textos foron revisados de novo polo autor, nunha edición ao coidado de Fernando Ramallo.

Alvarellos Rústica  
12 x 19 cm 106 páxinas  
ISBN: 978-84-18567-62-9  
13,90 €




## Antón Álvarez Sousa (Coord.)

### A Galicia do século XXI

O mundo en xeral, e a sociedade galega en particular, está a experimentar profundos cambios asociados con procesos de dixitalización, grandes riscos e crises globais que afectan ás organizacións e á vida cotiá. Ao longo dos diferentes capítulos deste libro é posible descubrir como están condicionando estas cuestións o territorio de Galicia, a súa natureza e os montes, a pesca, os mares, o turismo, o lecer, o mercado laboral, a educación, a poboación e a despoboación, a riqueza e a pobreza, a saúde mental, as migracións, a reconfiguración urbana, os incendios e mesmo a lingua, da man de 34 autores e autoras de recoñecido prestixio que fan unha análise precisa e con proxección de futuro.

Xerais Rústica  
17 x 24 cm 336 páxinas  
ISBN: 978-84-1110-538-5  
21,80 €



## Emma Pedreira


### As horas mortas

Viaxes e conversas por cemiterios galegos

Concibido como unha guía de lugares, mais tamén como un compendio de historias para ler dende o sofá, este libro percorre unha pequena parte dos máis de 3.600 cemiterios galegos, dende o histórico Santo Amaro ata un dos cemiterios máis pequenos do mundo. Da tumba dun Nobel ata a dun actor proposto ao Óscar. Ás veces soa e outras acompañada por persoeiros vencellados ao cemiterio que visita, a autora viaxou para coñecer máis de cerca as lendas e as historias reais, ás veces con límites difusos, para ofrecer unha antoloxía de lugares fúnebres, rituais e crenzas relacionadas coa vida e a morte.

Baía Rústica  
19 x 20 cm 416 páxinas  
ISBN: 978-84-9995-453-0  
26,60 €





## María Xosé Porteiro

### As benfaladas

Para poder falar ben é preciso, en primeira instancia, poder falar, algo que as mulleres tiveron prohibido durante séculos, cando menos, dende que hai testemuños escritos. No decurso de *As benfaladas* reflexiónase sobre esta circunstancia e propóñense alternativas para acelerar o proceso de normalización equitativa e civilizadora que supón respectar e propiciar o acceso da voz e do pensamento feminino á sociedade, entendido como necesidade parentoria para combater a violencia simbólica que padece.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-1176-356-1

22,23 €



## Montse Fajardo

### Caídas

#### Achegamento ao Patronato de Protección de la Mujer en Galicia

Achega ao funcionamento en Galicia do Patronato de Protección a la Mujer, a institución franquista que entre 1941 e 1985 internou en institucións relixiosas a miles de mozas por tereñse afastado do modelo único de nai e esposa imposto pola ditadura, ademais de someter a un estricto control moral a toda a poboación. Malia ser unha das expresións máis crueis e lonxevas da ditadura, o Patronato segue sendo un gran descoñecido ou, o que é aínda máis grave, mantendo a pátina de institución benéfica na que abnegadas monxas coidaban rapazas que se afastaran do bo camiño. Este traballo rende homenaxe a todas esas mozas.

USC Rústica 148 páxinas

ISBN: 978-84-10142-33-6

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



## Xoán Rubia


### O practicante rural

Xoán Rubia, máis coñecido pola súa faceta musical, achega nesta obra as lembranzas da súa traxectoria profesional en que se enmarcou a súa vida fóra dos escenarios, "onde calquera parecido coa realidade non é pura coincidencia". O libro quere ser unha modesta homenaxe aos compañeiros e compañeiras de profesión que nalgún intre se viron mergullados na soidade dalgunha vila ou aldea coa encomenda de ofrecer un servizo público á cidadanía no primeiro elo da cadea da sanidade.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 270 páxinas

ISBN: 978-84-1176-358-5

22,23 €



## Carlos Callón

### Vidas e historias LGBT da Idade Media

O autor aborda diferentes relatos e retratos que quebran o que se podería pensar sobre esa etapa: o matrimonio máis antigo entre homes documentado na Península (entre Pedro Díaz e Munio Vandiláz, en 1061); o "amor" entre Sancha Pérez e María Leve na Compostela do século XIII; a existencia dun santoral LGBT arraigado na Galicia medieval (con figuras como Paio e Adalfo, e tamén co "santo atrevimento" trans de Esmerado ou Uxío); varios casos de modificacións de manuscritos para que non se vise neles textos gays oulésbicos (por exemplo, unha cantiga de amiga entre dúas mulleres).

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-1110-608-5

18,52 €



## Blanca Paula Rodríguez Garabatos


### Arte dexenerada galega

En *Arte dexenerada galega. Catro exemplos fóra da España saudable* abórdase o labor dos máis importantes artistas da vangarda galega: Seoane, Granell, Mallo e Colmeiro como piares do compromiso artístico, axentes do cambio social e pontes entre artes plásticas e literatura. A "arte dexenerada" dos vangardistas galegos non foi admitida na España franquista, mais o seu traballo floreceu en América e Europa, pero descoñeceuse na súa terra. Coa chegada da democracia, a súa obra atopou o lugar nos museos; pero, para chegar a este punto, houbo que percorrer un longo camiño, marcado polo exilio persoal e o ostracismo artístico.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 146 páxinas

ISBN 978-84-1176-346-2

16,05 €



## Narciso de Gabriel

### Xogar coa pólvora


#### A educación das mulleres e as mulleres como educadoras

Narciso de Gabriel arma o libro arredor de tres homes ilustrados: Feijoo, Sarmiento e Vicente do Seixo. Tres mulleres ilustres: Rosalía de Castro, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán. Dous eventos: os debates que sobre a educación feminina tiveron lugar no Ateneo da Coruña en 1859 e no Congreso Pedagóxico Hispano-Portugués-Americano celebrado en Madrid en 1892. E dous procesos históricos: o acceso das mulleres á escola e ao profesorado. A tese central condénsase no subtítulo: a necesidade de educar as mulleres xustificouse historicamente atendendo á súa función de nais educadoras.

Galaxia Rústica 15 x 23 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-1176-336-3

21,10 €



## Carme Vidal, Pablo Iglesias Nuñez e Belén Diz


### O triángulo vermello

Terceiro título da colección Pequena Memoria, para recuperar as voces silenciadas da historia. Achega unha biografía emocional de Mercedes Núñez (1911-1986) política republicana e militante antifascista que logra sobrevivir ao cárcere de Ventas franquista e ao campo de concentración nazi de Ravensbrück e dedica os últimos anos da súa vida a denunciar a represión sufrida no que foron dous verdadeiros infernos para as mulleres. A súa biografía é unha lección de vida, de solidariedade e compromiso coa liberdade e a xustiza, e chega aquí a través da mirada inocente do seu fillo Pablo.

Xerais Cartonado 20 x 27 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-208-7


15,67 €



**Manuel Lage**  
**Barreiros**  
Historia completa

Manuel Lage, secretario xeneral de ASEPA e recoñecido historiador do automóbil en España, fai un longo percorrido pola vida de Eduardo Barreiros (Nogueira de Ramuín, 1919-A Habana, 1992) e a gran empresa que creou, Barreiros Diésel S.A. O autor recopila os datos técnicos e características dos motores, camiións, tractores, autobuses e automóviles da marca, datos que se acompañan con 660 fotografías. Unha viaxe no tempo que recolle as transformacións que se fixeron no pequeno taller de Ourense ata o final da produción de camiións na fábrica madrileña de Villaverde. En castelán.

Dep. Ourense Cartonado  
25 x 32 cm 370 páxinas  
ISBN: 978-84-16643-64-6  
56,90 €




**Bradley Efron**  
**O jackknife, o bootstrap e outros plans de remostraxe**

